



C O N C E L L O

D E

36450 SALVATERRA DE MIÑO

(PONTEVEDRA)

DECRETO

- **Asunto:** Data de realización da proba de Oposición do proceso selectivo para unha (1) praza de Auxiliar administrativo (Funcionario) incluída na oferta de emprego público de estabilización de emprego temporal.

- **Expte. núm. 804/2023**

Vistas as Bases Xerais e Específicas reguladoras do proceso de selección para a estabilización de emprego temporal de persoal funcionario deste Concello para unha (1) praza de Auxiliar Administrativo, ó amparo da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e que foron aprobadas por Decreto de Alcaldía de data 9 de xaneiro de 2023 (publicadas no BOP nº 37 de data 22/02/2023),

Unha vez efectuada a valoración da fase de concurso polo Tribunal, e publicada a batería indeterminada de preguntas das que se extraerán as contidas na proba de oposición,

Seguindo o procedemento regulado na Base 9ª, procede ditar Resolución de Alcaldía para determinar a data e hora da realización da proba selectiva da fase de oposición.

En virtude das facultades outorgadas a esta Alcaldía pola lexislación de Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- Convocar ós membros do Tribunal e ás persoas aspirantes do proceso selectivo de unha (1) praza de Auxiliar Administrativo funcionario incluída na oferta de emprego público de estabilización de emprego temporal, para a realización da **proba teórica da fase de oposición**, que terá lugar no Salón de Actos da Casa da Cultura de Salvaterra de Miño, sita en rúa Raíña Dona Urraca o día **20 de marzo de 2024 ás 10:00 horas**.

Os/as aspirantes deberán presentar provistos do DNI ou dun documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do Tribunal, así como dos medios materiais necesarios (lapis e goma de borrar) para a realización da proba.

Segundo.- Solicitar á Deputación provincial de Pontevedra a cesión temporal da máquina correctora tipo test para a utilización no proceso selectivo citado, así como persoal técnico para a asistencia na utilización da citada máquina.

Terceiro.- Publicar esta resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello e sede electrónica municipal.

Cuarto.- Dar conta do presente Decreto ó Pleno do Concello a efectos de que quede enterado do seu contido.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa, Dª Marta Valcárcel Gómez, en Salvaterra de Miño; diante de min, a Secretaria, que dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE NA MARXE

